UGT Galicia

Por un pacto para a reconstrución social de España e de Galicia

A pandemia provocada pola extensión da COVID-19 tivo consecuencias dramáticas para España, para Europa e para todo o mundo. Enfrontámonos a unha experiencia inédita, na que —para evitar a extensión do virus e o agravamento aínda maior do número de persoas contaxiadas, enfermas ou falecidas— tomáronse medidas de paralización da actividade económica ou restricións á mobilidade, como nunca coñeceramos.

A economía quedou profundamente afectada tamén na nosa Comunidade: caída do PIB e incremento do desemprego, e milleiros de traballadores e traballadoras aínda seguen suxeitos aos ERTEs.

Esta contracción da actividade económica incide nunha mala tendencia en relación á participación dos sectores industriais. Cómpre potenciar e apostar pola industria, pois é un vector fundamental para poder afrontar a recuperación económica.

Queremos enviar toda a solidariedade, o apoio e o acompañamento sincero a todas as persoas afectadas, enfermas e ás familias e achegadas das persoas falecidas.

España e Galicia sufriron e sofren, pero o noso pobo vai saír adiante. Vaino facer desde a reivindicación e o recoñecemento ao mundo do traballo. Ese que, cando case todo se detivo, estivo aí para garantir as subministracións básicas de toda a poboación, ás veces sen as medidas de protección sanitaria necesarias e poñendo en risco a súa propia integridade.

Imos saír adiante se reforzamos os nosos servizos públicos, que son garantía para exercer os dereitos de cidadanía en igualdade. O noso sistema sanitario, sociosanitario e de coidados mostrou o valor dos seus profesionais, pero é o feito de contar cun sistema público e universal suficientemente financiado o que garante o acceso de toda a poboación á saúde e aos coidados. Nunca máis recortes en sanidade. Nunca máis mercantilización dos coidados.

Demandamos uns servizos públicos de calidade, con empregos estables e con financiamento adecuado. A día de hoxe estamos lonxe dos obxectivos de converxencia coa UE: en relación ao PIB galego, como acontece no gasto sanitario, que supón o 6%, mentres na Unión Europea é do 7,9%.

E sairemos adiante se non nos deixamos arrastrar pola confrontación e o odio. A crise sanitaria e económica máis intensa que coñecemos en tempos de paz non se pode acometer desde a dialéctica da guerra.

Pedimos ás forzas políticas, sociais e económicas un gran pacto para a reconstrución social de España e Galicia. Unha aposta por reforzar os nosos servizos públicos. Un país, que é o noso, e que necesita traballar desde a concordia e afastarse da crispación.

Nada máis.
E nada menos.

#VAMOS ASALIR